

GAÑADORA na categoría de ADULTOS

TAMARA ANDRÉS PADÍN

IES de Poio

A ETERNA BAILARINA

Vaivéns, voltas e reviravoltas, homes con chapeu que pousan delicadamente as mans na sensual zona onde rematan as costas femininas... Montmartre é un barrio danzarín. Hoxe o ritmo da danza popular no Moulin de la Galette é máis acelerado ca nunca, como se os pés dos seus bailaríns anhelasen mergullarse nunha cadencia infinita. Todos semellan estar invadidos por unha ledicia contaxiosa. Porén, ninguén se dá de conta do que realmente acontece dentro da escena. No baile hai nenas, pero as nenas non queren bailar. Non lles convence a idea de que os brazos dos homes limiten os seus movementos. Elas desexan romper o círculo da praza e danzar en liberdade. Soñan con despoxarse dos corsés que as súas nais lles apertan todos os días.

Xiana interpretou dese xeito o cadro *Baile no Moulin de la Galette* desde que o contemplou por vez primeira. Esa noite, a aldea quedara sen luz cando ela se dispuña a ler (ultimamente pasaba as noites entre libros). Achegouse á fiestra e ollou un panorama sumido na escuridade. Meteuse na cama e sentiu que a noite insería aquela casa entre as súas mans, disposta a esmagala. O medo de que el entrase pola porta en calquera momento acentuouse. Tremía. Necesitaba pensar en algo que, no medio daquela negrura, lle achegase luz. Pensou en Renoir, nas súas pinceladas luminosas, e somerxeuse no seu prezado cadro. Porén, desta volta atopou a praza baleira ata que, de súpeto, ela mesma saíu dunha esquina e comezou a danzar en círculo. O espazo, antes cercado, volveuse infinito. Mentres o soño se facía máis profundo e mentres na súa face se esbozaba paulatinamente un sorriso ben grande, un verme entraba pola porta. Xiana estaba a piques de perpetuarse como a eterna nena libre; a bailarina que conquistaría, sen corsé, un espazo sen fronteiras.